

O I Congreso daS LinguaS

un encontro para a defensa da diversidade lingüística

Celebrado na cidade arxentina de Rosario o pasado mes de novembro, o I Congreso daS LinguaS foi unha aposta pola diversidade cultural e lingüística fronte a calquera tipo de colonización en tempos como os actuais, marcados pola globalización neoliberal, faciana actual do imperialismo rampante neste lumbrigar do século XXI.



O autor do artigo intervindo nun acto do congreso

RAFA VILAR

Escritor e filólogo,

traballa no Departamento de
Normalización Lingüística da CIG

A multitude de linguas e culturas que tiveron cabida no Congreso (entre elas, a galega) veu a ser a expresión da inmensa cantidade de pobos que loitan por manter viva a súa identidade, identidade que en moitos casos está seriamente ameazada por procesos colonizadores ou de asimilación.

Neste I Congreso daS LinguaS dábanse cita unha serie de linguas dos pobos orixinarios iberoamericanos, tales como o quechua, o mapuche, o kolla, o mocoví, o aymara, o guaraní, o wichi ou o toba, xuntamente coas linguas galega, vasca e catalá, en representación dos idiomas que no Estado español veñen resistindo o proceso de asimilación castelanista,

isto é, o imperialismo español. Imperialismo español que foi denunciado por todos os participantes e que se facía aínda máis patente coa celebración na mesma cidade de Rosario do III Congreso do Español, con presenza do monarca da dinastía borbónica incluída. Foi un Congreso de coñecemento da vitalidade actual das diferentes linguas que sufriron a colonización española, e tamén de recoñecemento dos diversos pobos que xeración a xeración seguen a manter viva a chama dos idiomas propios, en moitos casos en circunstancias de total marxinación desde o poder e de nulo recoñecemento legal ou institucional, mesmo no ámbito máis formal. Para o caso do galego, presentáronse dúas comunicacións: unha conferencia da profesora e ex-deputada nacionalista María Pilar García Negro baixo a epígrafe "Antigüidade e modernidade da lingua galega. As propostas da legalidade /vs/ as propostas da necesidade" e un relatorio de quen isto escribe titulado "*Un futuro para o noso pasado: a resistencia lingüística do pobo galego*". O mellor resumo deste I Congreso daS LinguaS ben podería ser un dos puntos da "Declaración pola Autodeterminación Lingüística" que deu remate ao congreso onde se sinala o "dereito das diferentes comunidades a exercer un autodeterminación lingüística e por medio dela a posuíren todos os recursos necesarios para desenvolver a política lingüística de forma totalmente autónoma, sen inxerencias exteriores, organizando e xestionando os recursos necesarios para o mantemento, transmisión e normalización total das súas linguas". Un dereito este democrático onde os haxa que parece só poden exercer aqueles que se encontren no centro do poder globalizador, e senón lémbrese que, sen ir máis lonxe, o Tratado constitucional europeo que se someterá a referendo no Estado español no vindeiro mes de febreiro apunta, máis unha vez, á marxinación de linguas como o galego, carentes de estado propio, fronte ao –atinado– recoñecemento doutras, como por exemplo o maltés, menores en extensión e uso ■